

QUEN NON TEN UN AVO FASCISTA?



LOPEZ SILVA, INMA

SINOPSE

Hai unha memoria do 36 que é tamén a da retagarda, a dos sorprendidos, a dos que non lograron ser heroes, a dos oportunistas de supervivencia. Ese é o argumento que propón Inma López Silva neste libro que oscila entre a memoria familiar, a ficción e o relato histórico a partir da vida do seu avó paterno, alcalde franquista dun pequeno concello rural. A través del, cóntasenos unha historia que se centra nos perdedores e foxe do aspecto heroico que tan a miúdo constrúe a nosa lectura da guerra e a ditadura, retirando o foco daqueloutra maioría que, simplemente, sobrevivía como podía. A vida da familia retratada en Quen non ten un avó fascista? conta dun xeito orixinal a historia política da Galicia da segunda metade do século XX, dando unha explicación aos silencios, temores e vergoñas que, así, se converten en motivo literario de categoría.

López Silva proponnos nesta súa obra máis persoal un relato emocionado co que persegue volver os feitos históricos á realidade diaria das persoas que os protagonizaron sen sabelo, para expresar así a dor real dos dilemas éticos e a necesidade certa de seguir vivindo malia a guerra, a ditadura e a represión. Estamos, por iso, diante dunha deliciosa alegación antifascista escrita desde as tripas do propio fascismo e construído para proxectarse sobre o presente a modo de reflexión, ou quizais aviso. ...



Editora	EDITORIAL GALAXIA S.A.
Materia	MEMORIA
Colección	MEMORIA HISTORICA
EAN	9788491519416
Estado	Dispoñible
Encadernación	Tapa blanda
Páxinas	254
Tamaño	210x135x0 mm.
Peso	1
Prezo (Imp.inc.)	24,30€
Data de lanzamento	21/11/2022

Títulos relacionados



TESTEMUNHO DA GUERRA CIVIL
RIOS LEZCANO, ISABEL



ILLOTE P, BARRACA 16
RODRIGUEZ SALINAS, SANTIAGO



VERMELLOS E LAICOS. A REPRESION FASCISTA DO MAXISTERIO COR DE GABRIEL, NARCISO



SOLDADOS FORZOSOS. A MEMORIA ESQUECIDA DA GUERREA CIVIL E. LEIRA CASTIÑEIRA, FRANCISCO JORGE